

CONTRATAÇÃO DO SERVIZO DE MANTEMENTO E CONSERVACIÓN DOS CAMPOS DE FÚTBOL DE CÉSPEDE ARTIFICIAL "SAN MARTIÑO", "MANUEL REGUEIRO" E "NOVO MUNICIPAL" E DAS PISTAS DE TENIS MUNICIPAIS. DO CONCELLO DA ESTRADA

Expediente núm.:	Departamento:
2315/2024	Deportes

MEMORIA XUSTIFICATIVA SOBRE A NECESIDADE, IDONEIDADE E EFICIENCIA DA CONTRATACIÓN

1.-OBXECTO DO CONTRATO.

O obxecto deste contrato consiste na prestación do servizo para o "Mantemento e conservación dos campo de fútbol de céspede artificial San Martiño, Manuel Regueiro e Novo Municipal no Concello da Estrada" e das pistas de tenis municipais. Corresponde aos códigos seguintes:

Códigos CPV: 92600000-7: "Servizos Deportivos".
77320000: "Servicios de mantemento de campos deportivos".

2.-NECESIDADE E IDONEIDADE DO CONTRATO.

A necesidade da celebración deste contrato ven determinada porque é preciso definir as actuacións e a execución dos servizos de mantemento e conservación dos campos de fútbol de céspede artificial das instalacións "San Martiño", "Manuel Regueiro" e "Novo Municipal" e das pistas de tenis municipais . Os servizos contratados deberán asegurar o funcionamento continuo e eficaz das instalacións deportivas.

A duración dun pavimento de céspede artificial depende notablemente do mantemento regular que se realice ao mesmo; polo que se un campo cunha alta intensidade de uso, equipada con este tipo de pavimento sintético, non recibe o mantemento apropiado, perderá as súas características deportivas e biomecánicas a curto prazo, o cal iría en detrimento do alto investimento económico inicialmente realizado. Levando a cabo pois un adecuado mantemento a un pavimento de céspede artificial garántese a estética, a seguridade para os usuarios, a calidade de xogo e sobre todo a súa duración. As razóns que aconsellan o desenvolvemento dun servizo de mantemento do céspede artificial de forma periódica son:

- O caucho e a area vanse compactando co uso, perdendo as súas propiedades deportivas e de seguridade.
- A introdución de partículas estranas (lixo, follas...) ensucian o campo e son antihixiénicas.
- Pequenas roturas nas xuntas van deteriorando o campo, introducindo entre elas o material de recebo do mesmo, así como perdendo seguridade de uso.
- A compactación de area e caucho fai que as fibras tendan a torcerse e desgastarse prematuramente por abrasión. Dita compactación impide a correcta drenaxe do campo e permite o seu encharcado.
- A acumulación de lixo e mala drenaxe facilita a proliferación de fungos e algas no céspede que só poden combaterse con medios químicos.
- Todos estes feitos producen un envellecemento prematuro e por tanto a necesidade dun cambio de céspede antes do fin da súa vida útil teórica.

3.-MOTIVACIÓN DA NON DIVISIÓN EN LOTES.





Segundo o disposto no artigo 99.3 da LCSP, o órgano de contratación, poderá non dividir en lotes o obxecto do contrato cando existan motivos que deberán de xustificarse no expediente. Dita xustificación é a seguinte: O obxecto do contrato non se divide en lotes, a efectos da súa execución, xa que se pretende a contratación dun servizo integral, multidisciplinar e completo, polo que resulta imprescindible a adecuada coordinación na execución das diferentes prestacións, intimamente relacionadas entre si. Necesidade que podería verse imposibilitada pola súa división en lotes e execución por unha pluralidade de contratistas diferentes.

4.-XUSTIFICACIÓN DE ELECCIÓN DE PROCEDIMENTO.

O contrato ten a cualificación de contrato administrativo de servizos, de acordo co artigo 17 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español das directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

Óptase polo procedemento aberto simplificado sumario recollido no artigo 159.6 da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público como procedemento ordinario, e a efectos de facilitar a maior concorrencia posible.

5.-ÓRGANO DE CONTRATACIÓN.

O órgano de contratación é a Xunta de Goberno Local, de conformidade co Decreto 2023-0854 do 20 de xuño de 2023 de delegación de competencias.

6.-DURACIÓN DO CONTRATO E PRÓRROGAS.

A duración deste contrato será dun ano.

7.- VALOR ESTIMADO DO CONTRATO E ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN.

O valor estimado ascende a contía de 11.983,47 euros e o orzamento base de licitación ascende á cantidade de 14.500,00 € (11.983,47 € + 2.516,53 € de IVE), de conformidade cos orzamentos en vigor.

8.-LUGAR DE PRESTACIÓN.

Concello da Estrada.

9.-PUBLICACIÓN.-

A presente memoria debe publicarse no Perfil do Contratante desta Administración aloxada na Plataforma de Contratos do Sector Público, para os efectos previstos no artigo 116.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público.

O Concelleiro delegado,

Documento asinado dixitalmente á marxe

